

«Cores do Atlántico», un ciberconcierto desde Galicia para o mundo

Escrito por La Voz de Galicia
Sábado, 08 Maio 2010 17:29



Uxía, Socorro Lira, Teresa Paiva e Joao Alfonso , son algúns dos intérpretes que protagonizasen o recital que se transmitirá vía Internet.

O programa cultural Creativa, promovido conxuntamente pola Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Rexión Norte de Portugal, realizará o próximo 14 de maio en Illa de San Simón o concerto multimedia *Cores do Atlántico*.

O recital contará coa presenza dos cantantes **Socorro Lira, Teresa Paiva, Joao Alfonso , Margareth Menezes, Eneida Marta e Uxía,**

Ao redor de cen invitados poderán presenciar en vivo o esperado espectáculo que se transmitirá por Internet a todo o mundo a través da web coresdoatlantico.eu .

Os espectadores, reais e virtuais, poderán gozar de 75 minutos de música en directo nun concerto sen precedentes no que se proxectarán varios vídeos testemuñais sobre distintos aspectos da filosofía Cores do Atlántico, como medio de difusión actual do patrimonio común galego-portugués.

[Ligazón directa](#)